

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Secretaría Xeral de Política Lingüística, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto subscribir un Convenio de colaboración educativa entre a consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas académicas externas curriculares non remuneradas, de alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un período de vixencia de catro anos, prorrogables, desde a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas entre a universidade de Vigo e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que é interese de ambas as partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas profesionais e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e así mesmo non supón custo económico ningún para cada unha delas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

